



Obxecto:	Informe Estudio de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial
Proxecto:	Parque Eólico Maxal
Concellos:	Rodeiro (Pontevedra), Antas de Ulla e Taboada (Lugo)
Promotor	GALENERGY,SL
Remitido:	Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais Vicepresidencia segunda, Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Clave:	IN408A 2019/40
Expte.:	03.I.539.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA3052/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 16.02.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais Vicepresidencia segunda, Consellería de Economía, Empresa e Innovación, polo que se pon a disposición da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, na páxina web da Xunta de Galicia, os documentos: *Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico Maxal, Noviembre 2020* e *Proyecto Sectorial Parque Eólico Maxal. Rodeiro (Pontevedra), Antas de Ulla y Taboada(Lugo) Octubre 2020*.

De acordo co establecido no apartados 2 e 3 do artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e no artigo 34.1 da Lei 5/2016, do 4 e maio, do patrimonio cultural de Galicia solicítase que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos técnicos de referencia.

ANTECEDENTES E FEITOS

O 23.09.2019 a directora xeral de Patrimonio Cultural autoriza a intervención *Estudo do Impacto arqueolóxico da área de implantación do Parque Eólico Maxal (Pontevedra e Lugo)*, (CT102A 2019/609) dirixido pola arqueóloga Paz Blanco Sanmartín.

O 19.08.2020 a directora xeral de Patrimonio Cultural emite informe, no trámite de consultas da avaliación ambiental ordinaria, no que, entre outras consideracións, sinálase que o Estudo de Impacto Ambiental deberá contar cunha avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural de todo o ámbito afectado polo proxecto tanto do parque eólico (definido pola poligonal do proxecto) como da liña eléctrica de evacuación, de enerxía e os accesos a empregar ata o parque desde as estradas xerais.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*
- *Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm.242, do 01.12.2020)*

Estudo de Impacto Ambiental

- O documento recolle a valoración ambiental do proxecto do PE Maxal de 40,5 MW de potencia total, que constará de 9 aerogeradores, de 4,5 MW de potencia nominal, 127 m de altura de buxa e 145 m de diámetro de rotor, e a súa infraestruturas asociada: accesos e vieiros interiores, cimentacións, movementos de terras, instalacións auxiliares (zonas de campamento de obra, maquinaria e amoreamentos), plataformas de montaxe, gabias de cableado, torre anemométrica) e SET.





- O Parque Eólico Maxal conecta os aerogeradores mediante cableado soterrado ata a SET do PE. Dende esta se conectará á Subestación de Belesar, esta liña de evacuación de enerxía será obxecto dun proxecto específico e independente do PE Maxal.
- Das dúas alternativas analizadas a elixida é a **A**, que se considera a máis favorable ambientalmente. O impacto sobre o patrimonio arqueolóxico, ca alternativa elixida, é menor sobre todo na zona da Mámoa 3 do Monte dos Marxos (aerogerador MX05)
- Os accesos dentro do PE realizaranse da seguinte forma: o acceso ao aerogerador MX01 parte dun camiño municipal dende a estrada EP6205; ao MX02 parte da estrada LU-P0301 e o acceso a MX05 proxectase dende o viario que parte da estrada EP6204. Os accesos aos MX07, MX08 e MX09 parten dende o viario EP6201; e os MX03 e MX04 parten de viarios municipais que conectan o lugar de Espasante coa estrada EP 6205.
- No punto *7.5 Medio socioeconómico e cultural*, no subapartado *7.5.9 Patrimonio Cultural*, faise una relación dos elementos do patrimonio cultural, recolléndose un total de 55 elementos dos que 41 son elementos do patrimonio arqueolóxico, e remite ao Anexo H onde se recolle o estudo arqueolóxico. Respecto ao Camiño de Santiago, no apartado *7.5.8 Outros Valores Ambientais* indícase que o tramo máis próximo do Camiño de Santiago localízase a 3 km da poligonal do parque eólico e pertence ao trazado do Camiño de Inverno.
- No punto *8.4 Explicacións en las matrices en el Parque Eólico*, no subapartado *8.4.20 Arqueoloxía y Patrimonio*, a modo de resúmen preséntanse a cualificación dos impactos sobre bens arqueolóxicos (sen impacto, compatible, moderado e severo), e remite ao Anexo H onde se caracteriza e valorase de forma detallada cada impacto en cada uns dos elementos.
- No apartado *10 Medidas protectoras e correctoras*, *10.1 Definición de las medidas de carácter ambiental* *10.1.9 Control arqueolóxico*, remítese ao Anexo H onde se recollen de forma detallada as medidas correctoras específicas a aplicar a cada un dos elementos do patrimonio cultural.
- No subapartado *10.2.11 Patrimonio Cultural*, establécense as medidas correctoras xerais:
 - sinalización nos planos de obra dos xacementos existentes dentro da poligonal do PE,
 - non se realizen remocións, nin provisións o zonas de préstamo de material non previsto en ningunha zona dentro da poligonal sin a consulta e a aprobación dos arqueólogos encargados do control e seguimento das obras,
 - as obras de remocións de terras se restrinxirán as áreas marcadas para tal fin, como se reflexa na planimetría,
 - prohibición do tránsito e estacionamento da maquinaria fora das zonas habilitadas para este fin, especialmente nas zonas de respecto dos elementos patrimoniais.
- No apartado *10.3 Calendario de aplicación de las medidas*, as medidas propostas para evitar afeccións sobre o patrimonio cultural aplícanse na fase de deseño e se seguirán na fase de construción.
- No *Anexo H Estudio do Impacto Arqueolóxico da área de implantación do Parque Eólico Maxal (Pontevedra e Lugo)*, recóllese a memoria dos traballos da prospección arqueolóxica para avaliar o impacto arqueolóxico da área da poligonal do Parque Eólico Maxal. (CT102A 2019/609), dirixida pola arqueóloga M^a Paz Blanco Sanmartín.
- No apartado *4- Metodoloxía*, deste anexo, apúntase que previo ao EsIA realizouse un traballo de gabinete para recoller todos os datos da zona redactando un Informe Técnico Documental (2019) feito polo mesmo equipo de arqueoloxía o que permitiu a adecuación do proxecto construtivo para minimizar o impacto patrimonial.
- No apartado *5.3 Asesoramento na modificación do deseño do PE* indícase que se cambiou a localización dos viarios dos aerogeradores MX01, MX02, MX05 e as súas gabias de cableado, modificouse o deseño da plataforma de montaxe do aerogerador MX05 (aínda non se considera a súa localización como definitiva) e modificouse tamén a traza da gabiá de cableado ao sur da zona arqueolóxica *Coto dos Mouros*.
- No apartado *9. Medidas correctoras*, *9.1 Medidas correctoras de carácter xeral*, son as mesmas xa recollidas no subapartado *10.2.11 Patrimonio Cultural*.





- *No subapartado 9.2 Medidas correctoras específicas*, apúntase que as tarefas de control arqueolóxico contarán cun deseño semanal do plan de obra que lles permitirá o replanteo e control da limpeza da vexetación, zonas que aparecen delimitadas na planimetría do Anexo H (aeroxerador MX09, zona do Picouto; contorna dos aeroxeradores MX01 e MX02, zona de Penas Grandes).
- Preséntase ficha individualizada dos bens afectados que inclúe proposta de medidas correctoras.
- Propónse a limpeza de vexetación con control arqueolóxico en dúas áreas:
 - **Zona de Penas Grandes** formada por dous xacementos moi próximos entre si (100 m) Castro da Pena Grande (GA27003088) e Castro Pequeno (GA36047013), ademais por abundancia de topónimos moi significativos nesa zona. Sitúanse os MX01 e MX02 e as súas infraestruturas moi preto dos xacementos.
 - **Zona de O Picouto.** Zona rochosa onde se vai instalar o MX09 e as súas infraestruturas asociadas. A abundancia de vexetación non permitiu revisar correctamente esta zona, o que fai que contemplan como medida correctora o control arqueolóxico da retirada de vexetación.
- A valoración do impacto sobre os bens afectados polo proxecto do PE son as seguintes
 - **Zona arqueolóxica de Coto dos Mouros (BIC047504) (GA36047011).** Gabia de cableado a 320 m ao SW do xacemento. Atópase unha pista forestal e unha estrada entre o xacemento e as obras. A gabia sitúase seguindo o trazado dun viario xa existente e na marxe máis afastada do xacemento. A zona de protección do BIC reflíctese no PBA, no seu límite S coincide coa estrada por onde se proxecta que discorra a gabia de cableado, situarase na marxe máis afastada da zona arqueolóxica. Sen impacto.
Medidas correctoras específicas: control do replanteo da gabia e dos traballos de escavación nese tramo próximo a zona de protección arqueolóxica.
 - **Indicio de Puza (posible xacemento).** Posible xacemento pola súa forma e tamaño. Viuse afectado pola construción dunha gabia de cableado na construción do PE Monte Cabeza, o control arqueolóxico fora realizado polas mesmas arqueólogas que realizan o traballos no PE Maxal, e non se puido confirmar a existencia dun xacemento. Pero tendo en conta que un dos viais do PE Monte Cabeza, que podería usarse nos traballos de construción do PE de Maxal, sitúase xunto ao posible xacemento. Impacto como compatible. Medida correctora: sinalización do elemento e a súa área de respecto nos planos de obra.
 - **Mámoas da Revolta (GA36047144, GA36047065).** Actualmente destruídas, posiblemente pola construción das naves dunha granxa, xa nas fichas de catalogación da DXPC do ano 1986 se describen como dous túmulos moi alterados. Unha estrada asfaltada situada ao S, moi próxima a os xacementos, podería ser utilizada nos traballos de construción do PE. Impacto compatible. Medida correctora: sinalización do elemento e a súa área de respecto nos planos de obra.
 - **Castro Pequeno (GA36047013).** O viario e a gabia de cableado cara ao MAX01 sitúanse a máis de 200 m ao SW do límite exterior do castro. Zona de potencial arqueolóxico co Castro da Pena Grande (GA27003088), a menos de 100m ao SW; varios camiños existentes entre estes xacementos poderían utilizarse como viarios do parque. Impacto moderado. Medidas correctoras: sinalización do xacemento e a súa zona de protección na planimetría de obra, control nos traballos de roza do viario proxectado ao W e SW. Prohibido a circulación de maquinaria nos viarios existentes na contorna do castro. Control e seguimento de tódalas obras de construción do viario e gabia de cableado ao aeroxerador MAX01.
 - **Castro da Pena Grande (GA27003088).** As obras da plataforma do MAX01 atópanse a 180 m ao WNW do xacemento, existe un forte desnivel entre o xacemento e a máquina. Potencial arqueolóxico moi importante na zona (Castro Pequeno (GA36047013) a menos de 100 m ao NE). Impacto moderado. Medidas correctoras: o control da roza da zona destinada a implantar o MAX01 e o control do movemento de terras mediante un decapado secuencial en toda a superficie que ocupará o aeroxerador así como o viario e a gabia de cableado.
 - **Castro da Pena Escabechada/ Castro do Cibreiro (GA27003010).** Obras a algo máis de 200 m do xacemento; un camiño situado ao SW que podería usarse nas obras atopase ao pé do xacemento. As obras do viario de acceso ao MAX04 e gabia de cableado sitúanse a 210 m. Impacto moderado. Medidas correctoras: balizado nas zonas máis próximas ao xacemento, para evitar que a maquinaria





invada a zona de protección; control arqueolóxico do movemento de terras das obras do MAX04, do viario de acceso e a gabia de cableado.

- **Indicio do Cotiño ou Túmulo do Cotiño (RE36047009).** Posible túmulo visible nos planos de pendentes, pero a abundante vexetación impediu comprobalo. A gabia de cableado que une a SET co sector SE do parque proxéctase a 80 m ao S, e a torre meteorolóxica sitúase a 90 m o S. Impacto como moderado. Existe unha corredeira entre as obras e o xacemento. Proxéctase un novo viario entre a Torre meteorolóxica e unha estrada xa existente e unha gabia de cableado. Medidas correctoras: sinalar o indicio e a súa banda de protección; modificar a situación da gabia de cableado, desprazándoa á marxe mais afastada do posible xacemento; control arqueolóxico de todos os movementos de terras proxectados.
- **Túmulo da Capaceira (GA36047179).** Valoración do impacto como moderado. As obras do aeroxerador MX05 están proxectadas a uns 150 m ao N-NW do túmulo. A gabia de cableado e o viario de acceso a uns 160 m ao NW do xacemento. Este túmulo atópase nunha finca con peche tradicional e unha gran masa arbórea que fai de barreira entre as obras e o xacemento. Como medidas correctoras a sinalización na planimetría de obra. Exponse a posibilidade de recolocar o MX05 e o seu viario para aumentar a distancia ao xacemento. Como medidas correctoras especifica o control e seguimento presencial nos movementos de terras na zona de protección do ben.
- **Túmulo da Chousa (GA 3647180).** A gabia de cableado sitúase a 70 m ao N do túmulo, discorre por un camiño existente. Impacto severo. Medidas correctoras: sinalización na planimetría de obra; a gabia discorrerá, polo camiño xa existente, pola marxe máis afastada do xacemento; balizado do lateral sur do camiño, o mais próximo ao ao túmulo, impedindo o acceso da maquinaria; control e seguimento arqueolóxico presencial de todas as obras.
- **Igrexa parroquial de Santa Cristina de Areas e Cruceiro (Antas de Ulla).** Para o acceso ao aeroxeradore MX02 é necesario modificar o trazado dunha curva da estrada que pasa a carón da igrexa, en concreto a 5 m do muro do cemiterio e a uns 18 m do cruceiro. Cualifícase o impacto como moderado. Medidas correctoras: sinalización na planimetría de obra, balizado, control do replanteo da obra e control e seguimento presencial dos traballos de modificación do trazado da estrada que impliquen remocións de terras.
- **Cruceiro de Salto (Rodeiro),** situado nun cruce de estradas que pode utilizarse polos vehículos do parque. Asemade, proxéctase a 12 m deste elemento, cara ao leste, unha gabia de cableado. Cualifícase o impacto como moderado. Medidas correctoras: sinalización na planimetría de obra, balizado e manter un espazo mínimo de 10 m, desde o extremo do pedestal da cruz, libre de calquera tipo de maquinaria.

- Como resposta ao Informe do Documento Ambiental de Inicio emitido pola DXPC con data de 19.8.2020, no que se solicita un Estudo de Visibilidade con relación ao BIC Coto dos Mouros, inclúese neste Anexo H, como Anexo I: *Parque Eólico Maxal: análise de visibilidade del aerogenerador MX05 sobre el BIC GA36047011-Coto dos Mouros*. Este estudo de visibilidade realizouse na zona onde se atopa o BIC Coto dos Mouros (GA36047011), e o túmulo co mesmo nome Coto dos Mouros 2, situado a uns 224 m ao leste do primeiro. Ademais, nesta denominada Zona Arqueolóxica Coto dos Mouros existen outras mámoas. Neste estudo de visibilidade conclúese que o aeroxerador MX05 é visible dende gran parte da contorna, ao igual que outros aeroxeradores doutros parques eólicos; unha das zonas onde menos impacto visual orixina e nesta zona do BIC, xa que a abundancia de árbores de gran porte impide o impacto visual, o que tamén orixina a pouca visibilidade do xacemento.

Asemade a empresa promotora do PE Maxal, GALENERGY, S.L; valora a posibilidade de realizar unha campaña de divulgación do patrimonio arqueolóxico e cultural existente da poligonal do PE, para posibilitar o coñecemento e accesibilidade da sociedade a estes bens.

Proxecto Sectorial

O Proxecto Sectorial *Parque Eólico Maxal. Rodeiro (Pontevedra), Antas de Ulla y Taboada (Lugo) Octubre 2020*, estuda o ámbito de afección desde o punto de vista urbanístico e territorial.

- No punto 1.6. *Sostenibilidade. 1.6.3. Relación con los elementos territoriales estratégicos de Galicia. 1.6.3.1. Paisajes, Patrimonio natural y cultural*, consideran que as afeccións ao patrimonio cultural son





compatibles xa que se respectan as áreas de protección dos elementos catalogados e que se tiveron en conta os informes da DXPC.

- No punto 3. *Estudio de la incidencia territorial*, no apartado 3.5. *Protecciones arqueológicas*, recolle a relación de 19 elementos do Patrimonio Cultural presentes no ámbito parque (16 arqueolóxicos), baseada na consulta dos catálogos urbanísticos dos concellos afectados. Conclúese que ningún dos elementos verase afectado. Contémplase a realización dunha prospección arqueolóxica e o balizado das zonas de protección dos elementos patrimoniais para, desta forma, obter permiso da Dirección Xeral de Patrimonio.
- No punto 4. *Afecciones ambientales y medidas de corrección o minimización* remítese al *Anejo nº 1. do PS*.
- No *Anejo nº 1*, apartado 4. *Recomendaciones. 4.19 .Seguimiento arqueológico*. Sinálase que durante a fase de escavación e movemento de terras realizarase cun control arqueolóxico; seguindo as obrigacións, medidas e controles especificados pola DXPC.

Unha vez analizados os documentos pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, constátase que dentro da poligonal do parque eólico e no seu contorno existen bens do patrimonio cultural que poden verse afectados polas obras da infraestrutura eólica.
- Proxéctanse obras relacionadas co acceso ao aeroxerador MX02 no contorno de protección da igrexa de Santa María das Areas e do seu cruceiro, elementos pertencentes ao Catálogo do patrimonio cultural de Galicia. Conforme aos artigos 39 e 45 da Lei do patrimonio cultural de Galicia (LPCG), a actuación debe de contar coa autorización da Consellería de Cultura.
- Asemade, proxéctanse obras no contorno de protección do Cruceiro de Salto, datado en 1901 segundo a inscrición da súa base. Conforme a LPCG, establécese un contorno de protección de 20 m. A situación do elemento nun cruce de estradas, que pode usarse polos vehículos da obra e a uns 12 m da gabiá de cableado, supón un risco para a integridade do elemento, polo que é necesario a aplicación das medidas correctoras establecidas no Anexo H Estudo arqueolóxico.
- A maiores, existen indicios, en base a fotografías obtidas do EIA e fotografías aéreas e visores do Instituto de Estudos do Territorio de que ao menos os aeroxeradores MX05, MX06 e MX08 se sitúan en parcelas nas que existen muros de pedra feitos coa técnica tradicional de construción de pedra en seco. Cómpre sinalar que esta técnica está incluída no Censo do patrimonio cultural de Galicia como manifestación do patrimonio cultural inmaterial pola resolución da DXPC do día 31.08.2016 (DOG núm. 186 do 29.09.2016) e tamén incluída na Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade desde 2018.
- Por outra parte, non se concretan no EIA as actuacións que serán necesario realizar para acondicionar os accesos ao parque eólico desde o viario principal ata a posición das infraestruturas, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural (antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...). Cómpre sinalar que no informe da DXPC do 04.07.2018, relativo ao Documento de Inicio, recollíase a necesidade dunha avaliación dos accesos ao parque eólico sobre o patrimonio Cultural, avaliación que non vén incluída no EIA.
- Na planimetría do proxecto sectorial, planos de clasificación urbanística proposta, aparecen grafados soamente os bens recollidos no PBA e nos catálogos de Rodeiro e Taboada, mentres que non reflicten o Cruceiro do Salto e o seu contorno de protección, identificado no Anexo H *Estudo arqueolóxico*.
- Cotexados os datos e a planimetría do Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico Maxal cos datos e planimetría Proxecto Sectorial Maxal, compróbase que non existe diferenza nas características do proxecto.





INFORME

Á vista do exposto na análise da documentación presentada e nas consideracións técnicas, se informa de xeito **favorable** os documentos *Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Maxal (noviembre 2020)* e *Proxecto Sectorial Maxal (octubre 2020)*, debéndose levar a cabo as medidas correctoras establecidas no Anexo H do Estudo de Impacto Ambiental, coas seguintes **condicións**:

Respecto ao Estudio de Impacto Ambiental:

- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións concretas necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc..). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (xacementos arqueolóxicos, hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.
- Previo ao inicio da obras, realizárase unha roza e retirada da vexetación baixo control arqueolóxico das zonas recollidas no Anexo H: Zona de *Penas Grandes (GA27003088 e GA36047013)* para delimitar os perímetros dos xacementos e poder realizar un correcto balizado, na denominada *Zona do Picouto* deberá realizarse a limpeza de vexetación con control arqueolóxico previa, para valorar se a instalación do MX09 supón algún risco para bens arqueolóxicos aínda por localizar. Asemade, deberá realizarse unha limpeza de vexetación previa no *Indicio do Cotiño/Túmulo do Cotiño (RE36047009)* para verificar a súa existencia e poder delimitalo e establecer a súa zona de afección. De confirmarse a presenza dun xacemento arqueolóxico, deberá desprazarse a TM, o viario de acceso e a gabia de cableado proxectada. No caso de identificarse novos bens arqueolóxicos, avaliarase o impacto das obras sobre os mesmos e estableceranse as medidas correctoras oportunas. Así mesmo, deberá comunicarse os resultados inmediatamente a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Deberá desprazarse o MX01 e as súas infraestruturas asociadas (accesos e gabia de cableado) fóra do contorno de protección do Castro da Pena Grande (*GA27003088*), sendo necesario realizar un estudo de visibilidade da nova localización do MX01 con relación ao Castro de Pena Grande (*GA27003088*).
- Deberá desprazarse o MX05 e as súas infraestruturas asociadas (accesos e gabia de cableado) fóra do contorno de protección dos bens *Túmulo da Chousa (GA36047180)* e *Túmulo da Carpaceira (GA36047179)*.
- En relación co acceso ao aeroxerador MX02, buscarase preferiblemente outro itinerario que non afecte ao contorno de protección dos elementos catalogados (Igrexa e cruceiro das Areas) ou ben desprazarase a rectificación da curva máis ao sur, de xeito que o contorno non resulte afectado. De non ser posible, previo ao inicio das obras deberá presentarse un documento técnico onde se defina en detalle o proxecto de modificación do vial ao seu paso polo contorno de protección destes elementos, para a correspondente autorización por esta DXPC. Esta documentación deberá conter planimetría de detalle acotada, con seccións transversais nas que se representen os elementos catalogados en relación coa obra proxectada, así como unha proposta de medidas correctoras específicas para a integración das obras no contorno de protección afectado.
- Respecto do cruceiro de Salto, debido ao risco da integridade do elemento, polo posible paso de vehículos da obra e a apertura de gabia de cableado a 12 m do pedestal, será necesario a aplicación das medidas correctoras establecidas no Anexo H *Estudo arqueolóxico*, así como control e seguimento presencial das obras de apertura da gabia.
- Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).





- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar apareladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá de ser presencial e continuo nos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos documentados no Anexo H do EsIA. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.
- Os resultados das rozas e novas propostas de emprazamento dos aeroxeradores MX01, MX05 a TM e as súas infraestruturas asociadas deberan ser informadas a DXPC.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres de obra nova relacionada co parque eólico.
- Deberase corrixir a planimetría do Anexo H, planos 2.1 e 2.2 revisando os códigos de identificación dos xacementos e algúns dos nomes dos xacementos, por conter erros.
- As fichas incluídas na memoria do Anexo H deberán incluír os códigos e nomes de xacementos. En todo caso deberá haber coincidencia entre códigos e nomes entre planimetría e memoria.

Respecto ao proxecto sectorial:

- A relación de elementos patrimoniais incluída no apartado 3.5 atopase incompleta, recolle 19 elementos do patrimonio cultural (16 arqueolóxicos), cando o EsIA recolle 50 elementos, deberá revisarse e corrixirse.
- O PS deberá incluír os resultados da prospección arqueolóxica recollidos no Anexo H do EsIA.
- Na planimetría deberán reflectirse todos os cambios xerados polas condicións impostas polo informe favorable desta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ao EsIA.
- No caso de identificarse novos bens do patrimonio cultural, os concellos de Rodeiro (Pontevedra), Antas de Ulla e Taboada (Lugo), deberán incluílos no catálogo de bens culturais da súa normativa urbanística, e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais Vicepresidencia segunda, Consellería de Economía, Empresa e Innovación

